

CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARÍA DO PLENO	
Data	08 NOV. 2017
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 344

ROGO SOBRE O AFIRMADO DUNHA LOUSA NA MARXE DA RÚA DOS CASTIÑEIROS, Á BEIRA DA IGREXA DE SAN FRANCISCO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios meses as persoas que transitan polas proximidades da igrexa de San Francisco, na costa da Rúa dos Castiñeiros, veñen observando o progresivo deterioro dunha das lousas que conforma a beirarrúa, cada paso máis frouxa e inestable.

A situación non só afecta á un cómodo andar senón que comporta un especial perigo no caso de que, como consecuencia do continuo abaneo, a lousa acabe por ceder e poida ocasionar a caída dalgunha persoa, posto que ao parecer ese lousado non só serve de paso peonil senón que protexe unha fonda gabia construída no seu día como unha condución de auga pola marxe da edificación monástica.


En atención ao perigo latente que supón esta situación, formúlase o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Concello de Santiago se dean as instrucións precisas para asegurar unha lousa inestable que se atopa na rúa dos Castiñeiros, no lateral da igrexa de San Francisco, e que se supervise a seguridade do resto do lousado existente nesa rúa.

Santiago de Compostela, a 7 de novembro de 2017

María Teresa Cancelo Márquez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

ANEXO FOTOGRÁFICO



En primeiro termo, a lousa inestable da rúa dos Castiñeiros